

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

14454 *Real decreto 1586/2012, do 23 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

O Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre conservación e explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, establece unha regulación específica para a construción de buques pesqueiros e outras medidas de ordenación, algunha de cuxas axudas se extinguiron en 31 de decembro de 2004.

Por outra banda, o Regulamento (UE) n.º 1013/2010 da Comisión, do 10 de novembro de 2010, polo que se establecen as normas de aplicación da política das frota pesqueiras da Unión definidas no capítulo III do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, establece a determinación dos niveis de referencia das frota pesqueiras e a xestión das entradas e saídas no Rexistro comunitario.

O Regulamento (CE) n.º 2104/2004 da Comisión, do 9 de decembro de 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento 639/2004, do Consello, sobre a xestión das frota pesqueiras rexistradas en rexións ultraperiféricas da Comunidade, determina niveis específicos de referencia por segmento de frota para as frota rexistradas nas rexións ultraperiféricas de Francia, Portugal e España.

Así mesmo, a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, no seu título II establece a normativa básica de ordenación do sector pesqueiro, cuxo desenvolvemento se abordou no Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, naqueles aspectos que están afectados pola reforma da política pesqueira común.

O citado Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, dispón os requisitos e as condicións que deben reunir as baixas achegadas para a construción de novas unidades pesqueiras, a importación, a alta dun buque na 3.ª lista, no Rexistro de buques e empresas navieiras, e no Censo da frota pesqueira operativa, así como a modernización de buques pesqueiros que impliquen aumentos de arqueo ou potencia propulsora.

Tamén establece o período de validez dos informes favorables que emite a Administración xeral do Estado, dentro do cal se iniciará a construción ou modernización do buque e que, transcorrido o período de validez, se requirirá a iniciación dun novo expediente; así mesmo, dispónse que os buques de nova construción deban entrar en servizo antes de tres anos, contados desde o inicio delas.

A grave crise económica global que padecemos actualmente está provocando enormes perturbacións en todos os ámbitos e, polo tanto, contaxiando a economía española con repercusións negativas que se manifestan na nosa sociedade e nos nosos sectores produtivos.

Debido á crise económica e á falta de financiamento crediticio para que os armadores e as empresas pesqueiras realicen os investimentos necesarios, nalgúns casos cuantiosos, existen peticións do sector pesqueiro en que solicitan, entre outras cousas, prórrogas para aumentar os prazos de validez dos informes de novas construcións e a utilización como baixas válidas de buques en situación de baixa provisional no Censo da frota pesqueira operativa.

Tamén se recibiron peticións para manter a validez como baixa de buques que se perderon por sinistro e que foron achegados en diferentes expedientes en que por diversas causas non se finalizaron as obras, e que no seu día cumprían as condicións e as exixencias da lexislación, co obxecto de que tales buques sigan tendo validez para

incluílos en novos expedientes nos cales sexa necesaria a achega de baixas en 3.^a lista, eximíndoos, por tanto, do requisito de teren exercido a actividade pesqueira e equiparándoos aos buques que, como consecuencia de tratados ou acordos internacionais de pesca, paralizasen a súa actividade ou fosen dados de baixa no censo correspondente.

Ante esta situación excepcional, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, tendo en conta os máis elementais principios de oportunidade, proporcionalidade e eficacia, no contexto da grave crise económica actual, co fin de fomentar a reactivación do sector pesqueiro, considera oportuno acometer neste momento unha serie de medidas consistentes na flexibilización de certos requisitos contidos no Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, co obxecto de permitir que os armadores afectos a expedientes que se viron paralizados polas dificultades derivadas da crise económica non perdan os seus dereitos sobre os barcos achegados como baixa. Para iso, establécese un prazo de vixencia desta excepción de dous anos desde a publicación deste real decreto, tempo suficiente para a normalización da situación no sector pesqueiro.

Doutra banda, ambos con vixencia indefinida, tamén se modifica o artigo 12, referido ás embarcacións auxiliares, e se desenvolve o artigo 53.3 engadindo un novo artigo, co número 55, en que se establecen as condicións específicas e o procedemento para a actualización permanente daquelas embarcacións non suxeitas a procesos de regularización extraordinarios, para que as súas características reais coincidan coas rexistradas, e a necesaria coordinación do Rexistro de buques e empresas navieiras e o Censo da frota pesqueira operativa para garantir a súa efectividade.

Dentro deste marco xeral, son tres as finalidades perseguidas e que se pretenden levar a cabo por este real decreto.

Inicialmente, trátase de engadir no artigo 12 (autorizacións de construción de buques que non exixen baixa simultánea de baixas en arqueo ou potencia equivalente) as embarcacións pesqueiras auxiliares da pesca de percebe na lista cuarta do Rexistro de buques e empresas navieiras.

Doutra parte, preténdese desenvolver o sistema –de coordinación de datos rexistrados e destes coa realidade– xa establecido no punto 3 do artigo 53 do real decreto que se modifica, engadindo a este un novo artigo 55 que establece as condicións e o procedemento para actualizar permanentemente as medidas das embarcacións non suxeitas a procesos de regularización extraordinarios. Nese sentido, permítense determinadas tolerancias nas embarcacións de eslora total inferior aos quince metros e nas que teñan unha eslora superior non se permiten, xa que é excepcional que existan erros de medida debido ás técnicas de cálculo de arqueo.

Engádese a especificación de que as citadas alteracións descritas no artigo 53.3 do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, requiren un procedemento administrativo para a súa normalización na alínea a) do citado artigo 55, para tratar de concordar os datos da folla de asento do Rexistro de buques e empresas navieiras, o Censo da frota pesqueira operativa e a realidade.

A alínea b) encamíñase a clarificar unha situación de omisión dos datos da folla de asento do Rexistro de buques e empresas navieiras, cando non concreta que tipo de eslora é a considerada e é necesario calcular a eslora total, só aplicable para embarcacións menores de 15 metros, posto que o sistema de medición está baseado exclusivamente nunha función logarítmica con base nas medidas de eslora total, manga e puntal, segundo o Regulamento (CE) n.º 3259/1994 do Consello, do 22 de decembro de 1994, que modifica o Regulamento (CE) n.º 2930/1986, polo que se definen as características das embarcacións de pesca, que no seu anexo indica como realizar os cálculos para os buques novos de menos de 15 metros de eslora total. Para iso seguiuise o criterio xa reflectido na Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de buques e empresas navieiras e no Censo da frota pesqueira operativa. Para as embarcacións maiores de 15 metros aplícase o Convenio internacional sobre arqueo de buques de 1969, feito en Londres.

Finalmente, e con carácter meramente temporal, no marco do dereito da Unión Europea para a reestruturación da frota pesqueira, e de acordo coa lexislación nacional, trátase de flexibilizar os requisitos para permitirlles aos armadores afectados a expedientes que estean paralizados por dificultades da crise económica que non perdan os seus dereitos sobre os barcos achegados como baixa, para o cal se establece un prazo de vixencia excepcional de dous anos para permitir a reactivación do sector pesqueiro, tendo en conta que o arqueo total permitido polo Regulamento (UE) n.º 1013/2010 da Comisión, para o Reino de España permite, ademais, manter un volume final de arqueo adecuado ás necesidades reais.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e o sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de novembro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

O Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, queda modificado como segue:

Un. O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. *Buques da lista cuarta.*

Nas autorizacións de construción que se rexistrarán na lista cuarta do Rexistro de buques e empresas navieiras non serán exixibles baixas equivalentes en arqueo ou potencia e os solicitantes deberán posuír unha licenza ou permiso administrativo para exercer actividades acuícolas, de cultivos mariños, estabulación de especies mariñas, ou ser propietarios de buques de pesca da modalidade de cerco, ou ter autorización para a pesca de percebe, que requiran para a súa actividade buques auxiliares.»

Dous. Introdúcese un novo artigo, co número 55, coa seguinte redacción:

«Artigo 55. *Actualización permanente das características das embarcacións.*

As alteracións do arqueo, material do casco ou da potencia dos buques da lista terceira do Rexistro de buques e empresas navieiras, realizadas sen as preceptivas autorizacións a que se refire o artigo 53.3, e para os efectos de coordinación do citado rexistro co Censo da frota pesqueira operativa, rexeranse de acordo co seguinte procedemento:

a) Denomínase buque pesqueiro irregular aquel que ten unhas dimensións reais, material do casco ou potencia propulsora diferentes ás que figuran nos rexistros oficiais (folla de asento do Rexistro de buques e empresas navieiras e Censo da frota pesqueira operativa), sen que esta variación sexa por causa dunha obra autorizada legalmente.

b) Cando a eslora do buque pesqueiro non estea definida na folla de asento do Rexistro de buques e empresas navieiras, a que figure nela será considerada como eslora entre perpendiculares, para determinar as variacións de arqueo en embarcacións menores de 15 metros de eslora. A eslora total calcularase incrementando ata un máximo dun 25 por cento a eslora entre perpendiculares, sen que en ningún caso o valor obtido poida superar os 15 metros nin a eslora total real que se mediu.

c) Para regularizar unha embarcación pesqueira que teña unha diferenza entre as dimensións reais e as reflectidas na folia de asento do Rexistro de buques e empresas navieiras, o seu armador ou propietario deberá presentar baixas que compensen a diferenza de arqueo que exista.

As condicións das baixas na 3.^a lista que se presenten deberán cumprir cos criterios aplicables á construción e modernización de buques pesqueiros, establecidos neste real decreto, de forma que compensen os incrementos de arqueo ou potencia que desen lugar á irregularidade.

Concédesse unha marxe na variación das dimensións por defectos na medición para embarcacións menores de oito metros de eslora total de ata un 4 por cento de eslora, de ata un 4 por cento de manga e ata un 3 por cento do puntal; para as embarcacións maiores de oito metros e menores de quince metros de eslora total, de ata un 2 por cento de eslora, de ata un 2 por cento de manga e de ata un 2 por cento de puntal.

Nas embarcacións de eslora total superior aos quince metros non se permiten tolerancias.

A aplicación das tolerancias expostas nesta alínea só se poderá autorizar unha única vez na vida útil da embarcación.

d) As embarcacións que fosen obxecto de regularización en procesos específicos regulados non se poderán acoller a esta actualización, no suposto de variación de características técnicas sen autorización e, en concreto, ás tolerancias previstas na alínea c).

e) Os expedientes para a actualización de datos serán iniciados de oficio pola Secretaría Xeral de Pesca (Subdirección Xeral de Política Estrutural) ou por instancia de parte, cando se detecten diferenzas entre os datos rexistrados da folia de asento do Rexistro de buques e empresas navieiras, Censo da frota pesqueira operativa e demais certificados oficiais, entre si ou coas medidas reais do buque.

Requiriráselle ao armador a documentación que acredite as medidas técnicas do buque, realizada por unha organización técnica recoñecida e autorizada ou técnico competente en materia náutica ou náutico-pesqueira, no prazo de dous meses, que pode ser prorrogado por un máis. A omisión de resposta dará lugar ao inicio do expediente de baixa provisional no Censo da frota pesqueira operativa.

A Capitanía Marítima realizará un informe sobre as variacións existentes na embarcación con respecto ao inscrito na folia de asento do Rexistro de buques e empresas navieiras, onde se determinarán as dimensións reais da embarcación e se cuantificarán as variacións existentes.

O expediente, xunto con este informe, será remitido á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira.

A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira determinará a necesidade ou non de solicitarlles as baixas na 3.^a lista aos armadores ou propietarios para compensar as variacións detectadas no informe da Capitanía Marítima.

En caso de non ser necesaria a solicitude de baixas por estar dentro das tolerancias apuntadas na alínea c), a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira resolverá o expediente e comunicarllo á Capitanía Marítima para a súa anotación na folia de asento do Rexistro de buques e empresas navieiras.

f) En caso de superar as tolerancias establecidas, a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira solicitaralle ao armador as baixas da 3.^a lista que compensen a diferenza de arqueo ou potencia e concederá un prazo de seis meses para a súa achega, durante o cal o buque poderá seguir sendo despachado para a actividade pesqueira.

Se, transcorrido o prazo do parágrafo anterior, o armador non achega as baixas pertinentes, o buque pasará á situación de baixa provisional no Censo da frota pesqueira operativa, sen que lle sexa permitido o despacho para a pesca, de acordo co disposto no artigo 45.

A prohibición do despacho do buque para a pesca producirase cando a Capitanía Marítima ou distrito reciba a resolución en que se determine a baixa provisional do Censo da frota pesqueira operativa. No caso dos despachos por tempo, esperarase á súa finalización.

g) Unha vez recibidas as correspondentes baixas solicitadas aos armadores, procederase á súa revisión e resolverase o expediente, e comunicaránselle á Capitanía Marítima as medidas regularizadas e as variacións do casco, se procede, para a súa anotación na folla de asento do Rexistro de buques e empresas navieiras.»

Tres. Introdúcese unha nova disposición transitoria, a segunda, renomeándose en consecuencia a actual disposición transitoria única, que pasa a ser a primeira, co seguinte contido:

«Disposición transitoria segunda. *Medidas de aplicación temporal por dous anos.*

Cunha vixencia temporal de dous anos desde a entrada en vigor do Real decreto 1586/2012, do 23 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, serán de aplicación as seguintes regras, en lugar dos actuais artigos 3, 4, 13 e 14:

1. Condicións das baixas. Toda autorización de construción de buques pesqueiros que se vaian rexistrar na lista terceira do Rexistro de buques e empresas navieiras requirirá que a unidade que se vaia construír substitúa un ou varios buques ou parte deles, achegados como baixa, e sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que o buque ou buques pesqueiros achegados como baixa ou baixas estean matriculados na lista terceira do Rexistro de buques e empresas navieiras, que figuren de alta no Rexistro comunitario da frota pesqueira e que estean libres de cargas e gravames.

b) Para a construción de novas unidades da frota pesqueira en arqueo bruto (GT) potencia (kW), a entrada de nova capacidade na frota estará compensada pola anterior retirada sen axuda pública de, como mínimo, a mesma capacidade. En todo caso, o réxime de entradas/saídas de capacidade da frota pesqueira axustarase ao establecido no capítulo III do Regulamento (CE) 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común; no Regulamento (UE) n.º 1013/2010 da Comisión, do 10 de novembro de 2010, polo que se establecen as normas de aplicación da política de frota pesqueira da Unión, definida no capítulo III do Regulamento 2371/2003, do Consello, tendo en conta, así mesmo, o Regulamento (CE) n.º 2104/2004 da Comisión, do 9 de decembro de 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 639/2004, do Consello, sobre a xestión das frota pesqueiras rexistradas en rexións ultraperiféricas da Comunidade.

c) Os dereitos dunha baixa terán un período de validez de 24 meses desde o inicio do primeiro expediente de construción onde se vaia utilizar a mencionada baixa.

d) O buque ou buques achegados como baixa deberán estar, así mesmo, de alta no Censo da frota pesqueira operativa. De forma excepcional poderanse considerar as baixas provisionais que cumpran cos seguintes requisitos:

1) Que a baixa provisional no Censo da frota pesqueira operativa non supere os cinco anos de antigüidade na dita situación.

2) Que teñan un despacho, polo menos, no últimos sete anos.

e) Serán eximidos do requisito de estar de alta no Censo da frota pesqueira operativa e no Rexistro comunitario da frota pesqueira os buques pesqueiros

operativos perdidos definitivamente por accidente. Nese caso, os correspondentes dereitos de baixa terán un período de validez de 12 meses a partir do día en que se produciu o sinistro ou, de ser o caso, desde a data de firmeza da resolución xudicial que declare a data do afundimento ou a propiedade do buque afundido, cando estes sexan obxecto de controversia.

A autoridade pesqueira competente, logo de informe vinculante da Secretaría Xeral de Pesca, poderá dar validez aos dereitos de baixa dos buques a que se refire o parágrafo anterior, en que a data do sinistro sexa posterior á data de entrada en vigor das normas establecidas polo Regulamento (CE) 2371/2002, do 20 de decembro.

Para autorizar a validez destes dereitos de baixa será precisa a petición previa e argumentada do interesado na cal se acredite documentalmente que non foi posible a utilización da baixa por motivos técnicos, económicos ou por acumulación de tarefas, debidamente xustificadas, ata a data de presentación do expediente.

f) En todo caso, a achega dun buque para unha nova construción será anotada na folia de asento dese buque e levarase a cabo documentalmente mediante un compromiso de baixa, no cal o seu achegante se compromete a dar de baixa o buque no Censo da frota pesqueira operativa e a iniciar o expediente pertinente para materializar esa baixa nas formas descritas no artigo 6, cando a primeira nova construción entre en servizo. O mencionado compromiso de baixa non presupón en por si o inicio do expediente.

O compromiso de baixa será efectuado en documento orixinal e por unha soa vez polo propietario do buque de pesca que se vai substituír, para cada un dos expedientes cuxo obxecto sexa a inclusión da baixa, perante a autoridade competente da Administración pesqueira, e é aquel polo cal o dito propietario se compromete á inmovilización e ao desmantelamento do buque no momento da entrada en servizo da primeira unidade a que dea lugar a baixa. Cando o solicitante non sexa titular rexistral do buque achegado como baixa, naquel documento deberá figurar a cesión de dereitos do buque que se vai substituír a favor do solicitante da nova construción.

g) O dito compromiso, unha vez aceptado pola Administración competente, será enviado ao Rexistro de buques e empresas navieiras para a súa toma de razón na folia de asento do buque.

h) A autoridade pesqueira competente, logo de informe vinculante da Secretaría Xeral de Pesca, poderá autorizar a validez dos dereitos de baixa de buques exportados, cuxa data de exportación sexa posterior á vixencia do Regulamento (CE) 2371/2002, do 20 de novembro. Para iso será precisa a petición previa do interesado nos termos do parágrafo terceiro da alínea e) deste artigo.

2. Orixe das baixas en función da modalidade. Cando se establecesen censos de buques para determinados caladoiros e modalidades de pesca e se pretenda construír un buque para incluílo nun deles, polo menos o 70 por cento do arqueado bruto (GT) e potencia (kW) dos buques achegados como baixa deberán pertencer ao dito censo como mínimo, sen prexuízo das exixencias máis rigorosas que poida conter a normativa específica que regule a concreta modalidade e caladoiro.

3. Tramitación das solicitudes.

1) As solicitudes de autorización de nova construción dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que se sitúe o porto base do buque.

2) A comunidade autónoma tramitará as solicitudes de construción aplicando a normativa básica do Estado. Unha vez revisadas e aceptadas, remitirá os expedientes completos ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para que proceda á súa análise e á expedición de informe preceptivo e vinculante sobre os aspectos relacionados coa súa competencia.

O citado informe terá un período de validez de 18 meses, dentro do cal se iniciará a construción do buque. Transcorrido o período de validez, requirirase a iniciación dun novo expediente.

A Secretaría Xeral de Pesca poderá autorizar o aumento do período de validez do mencionado informe preceptivo e vinculante, ata a metade do período citado no punto anterior, logo da petición xustificada do interesado ao órgano competente da comunidade autónoma nos termos sinalados no artigo 3 e), parágrafo segundo, tendo en conta, en todo caso, os teitos máximos de capacidade da frota determinados polo Regulamento (UE) 1013/2010, do 10 de novembro.

3) O buque de nova construción deberá entrar en servizo antes de tres anos, contados desde o seu inicio.

4. Anulación e modificación do expediente. Estará suxeita a autorización previa pola autoridade competente a modificación dos expedientes cuxos obxectivos sexan os incrementos de arqueo ou potencia, cambios na baixa principal, cambio de material do casco, cambio de censo ou modalidade, así como a unión de varios expedientes.

Así mesmo, poderase autorizar a variación da fin do expediente e poderase converter este nun de modernización ou de importación doutros buques co fin de utilizar as baixas incluídas nel.

Tras a primeira modificación indicada nos parágrafos anteriores, considerarase variación do expediente de construción ou modernización dun buque e, polo tanto, requirirá a iniciación dun novo expediente, cando existan modificacións das características de eslora, manga, puntal, arqueo e potencia do barco en máis do vinte por cento, cando existan cambios na baixa principal, cambio de material do casco, así como cando haxa implícito cambio de censo ou modalidade ou cambio de armador ou propietario.»

Disposición adicional única. *Intercambio de información.*

Os ministerios de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Fomento intercambiarán por vía electrónica as informacións necesarias para o cumprimento das súas respectivas competencias, con acceso recíproco ás súas bases de datos, en particular ao Rexistro de buques e empresas navieiras e ao Censo da frota pesqueira operativa, para facilitar a xestión e tramitación dos expedientes.

Disposición transitoria única. *Proxectos aprobados con anterioridade.*

Os proxectos de construción ou modernización que fosen aprobados a teor do disposto no Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais, e o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, poderanse acoller ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para que, no ámbito das súas competencias, dite as normas oportunas para o desenvolvemento do contido deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de novembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE